






## Validación de módulos profesionais Curso 2023-2024

### Información carácter xeral

 <https://www.edu.xunta.gal/fp/validacion-modulos-profesionais>

A normativa básica que regula a validación de módulos profesionais foi establecida polo [Real decreto 1085/2020, do 9 de decembro \(BOE do 30/12/20\)](#): 

-  [Anexo I](#). Validacións de módulos profesionais LOXSE achegando estudos LOXSE.
-  [Anexo II](#). Validacións de módulos profesionais LOE achegando estudos LOXSE.
-  [Anexo III](#). Validacións de módulos profesionais LOE achegando estudos LOE.
-  [Anexo IV](#). Validacións de módulos profesionais de títulos LOE publicados a partir do 5 de marzo de 2017.

### Procedemento

As persoas interesadas presentarán a solicitude de validación modelo [ED317/A](#) na Secretaría do CIFP Someso do centro educativo dentro dos primeiros 20 días de inicio das clases. (11/09/2023).

No caso do alumnado do (A) réxime para as persoas adultas (presencial / distancia), que desexe facer unha matrícula en módulos a validar, para evitar que ocupen praza de módulos que non van a cursar, non será necesario que teña adxudicación no proceso de admisión, polo que poderán presentar a solicitude de validación no momento da matrícula. (Procedemento de Módulos Administrativos).

 Descarga o [modelo de solicitude Validación](#)

### Cualificación dos módulos validados

Cada módulo profesional validado conserva a cualificación<sup>(\*)</sup> obtida no módulo profesional cursado e que conste na documentación aportada.

(\*) Os módulos profesionais validados polo procedemento de acreditación de competencias ou certificado de profesionalidade non levarán asignada puntuación ningunha, constando no expediente da persoa interesada como "validado" e non computarán á efectos do cálculo na nota media no ciclo formativo.

### Recurso de Alzada

Contra esta resolución a persoa solicitante poderá interpoñer recurso de alzada perante a Xefatura Territorial da Coruña da Consellería de Cultura, Educación e Universidade no prazo dun mes, a partir do día seguinte da notificación, nos termos establecidos no "*capítulo II do Título V da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas*". («BOE» núm. 236, de 02/10/2015).

## Validación de estudos universitarios

### Información carácter xeral


 <https://todofp.es/convalidaciones-equivalencias-homologaciones/convalidaciones.html>

1. O prazo de presentación de solicitudes estará aberto permanentemente, con preferencia das solicitudes achegadas dende o inicio do prazo de matrícula ata a finalización do mes de outubro de cada curso escolar.
2. A documentación presentarse na Secretaría do CIFP Someso.
3. No suposto que o alumnado optara por relacionarse a través de medios electrónicos, establececese o enderezo [cifp.someso@edu.xunta.gal](mailto:cifp.someso@edu.xunta.gal) como medio para a recepción da documentación deste procedemento, indicando que:
  - Toda a documentación achegada deberá estar asinada por medio dos sistemas de sinatura electrónica, selo electrónico de conformidade co "*Artigo 10 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas*" e as súas disposicións de desenvolvemento.
  - Carecerá de validez a documentación presentada que non se axuste ao procedemento anteriormente establecido.

(\*) O número de módulos a validar solicitados non poderán superar o 60% dos créditos ECTS do título.

### Documentación a presentar

Orixinal ou copia electrónica asinada de:

- Modelo Anexo V  do Real decreto 1085/2020.
- Certificación académica oficial dos estudos universitarios cursados.
- Programas das materias cursadas e superadas, selados pola Universidade.
- Diligencia da Universidade, onde se faga constar que os programas aportados se correspondan co curso académico que figura na certificación académica aportada.

### Resolución

A resolución de validación corresponde ao Ministerio de Educación e Formación Profesional. A persoa interesada recibirá un Correo Electrónico no que se lle informa da posta de manifesto da resolución do procedemento que estará dispoñible na Sede Electrónica. O Centro educativo recibe unha copia de carácter informativo.

Mentres esta solicitude non se resolva, o alumnado ten a obriga de asistir á clase e realizar as avaliacións parciais correspondentes.

### Cualificación dos módulos validados

Os módulos profesionais validados por este procedemento non levarán asignada puntuación ningunha, constando no expediente da persoa interesada como "validado" e non computarán á efectos do cálculo na nota media no ciclo formativo.

### Recurso de alzada

Contra esta resolución a persoa solicitante poderá interpoñer recurso de alzada perante o Ministerio de Educación e Formación Profesional no prazo dun mes, a partir do día seguinte da notificación, nos termos establecidos no "*Capítulo II do Título V da lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas*". («BOE» núm. 236, de 02/10/2015.)